Seguridade e prevención de accidentes



PENSA



O ámbito doméstico é o lugar onde se produce o maior número de accidentes e o baño é un de lugares de maior risco.

Ademais de na casa, o espazo escolar é outro lugar onde se producen accidentes durante a realización de actividades deportivas: nos patios, nos ximnasios e nas zonas de tránsito do mesmo (escaleiras, corredores, etc.).

Pensaches niso algunha vez?

Coñeces algún accidente producido neste espazo?

¿Alguen te ha enseñado o mapa de riesgos das zoas comúns polas que fas o teu día a día?

SABÍAS QUE...

A Organización Mundial da Saúde define accidente como: «***un suceso eventual, involuntario ou anómalo do cal, independentemente da súa gravidade,***

resulta un dano físico e/ou psíquico, como consecuencia dunha falta de previsión ou defecto de seguridade».

Os **accidentes domésticos** son aqueles que ocorren na vivenda propiamente dita, patios, xardíns, garaxes, acceso aos pisos, vestíbulos das escaleiras, é dicir, todos os lugares pertencentes ao domicilio.

Os factores que causan este tipo de accidentes, pódense agrupar maioritariamente en:

- Emprego incorrecto do produto por parte do consumidor.
- Información insuficiente sobre o produto e as súas instrucións de uso.
- Defectos de fabricación do produto.

Cando se fala de seguridade, considerase tanto a protección propia coma o dos demais.



Os accidentes que se producen no baño con máis frecuencia son:

- **Caídas no** pavimento mollado con restos de xabón, as duchas ou bañeiras de material esvaradío poden ser as causantes.
- As **queimaduras** son accidentes que adoitan ocorrer principalmente na cociña, pero non debemos baixar a garda cando esteamos no baño. Ás veces, cando nos duchamos a auga está a demasiada temperatura e pódenos facer dano na pel.
- **Electrocución**: as tensións que alimentan os aparellos electrodomésticos (220 ó 125 voltios) poden provocar electrocución mentres os usamos. Este tipo de

accidentes adoita ocorrer no baño, debido a que se trata dun sitio onde o ambiente sempre está húmido.

- **Golpes**: adóitanse producir con obxectos fixos, como por exemplo, muebles, portas, xanelas, etc.

QUE PODO FACER EU?

- dos, xa que son moi esvaradíos.
- Para previr as caídas, utiliza solo alfombras ou adhesivos antiescorregadizos na bañeira. Antes de usar un produto de aseo o de limpeza, lee a etiqueta para facer un uso adecuado e tomar as precaucións que se indiquen nela.
- Non enchufes o secador ou outros electrodomésticos preto da auga.
- Vixia que os enchufes estean en bo estado.
- Nunca utilices un aparato eléctrico coas mans húmidas ou os pés.
- Non teñas estufas eléctricas, tomas de corrente nin outros aparellos eléctricos ao alcance da man no cuarto de baño e a menos dun metro do bordo da bañeira.
- Vixía que os aparellos eléctricos non teñan cables pelados, enchufes rotos ou gretados.
- Desconecta inmediatamente despois de ser utilizados.
- Procura utilizar un só enchufe para cada aparello antes que unha instalación sobrecargada por múltiples enchufes.
- Cando te laves ou duches, se non dispós dunha billa monomando



- , abre primeiro o billa da auga fría e despois o da auga quente, evitarás queimaduras.
- Non coloques os sprays e aerosois encima dos focos de calor.
- Procura que os medicamentos e os productos de limpeza non estén ao alcance dos menores do hogar.

PARA SABER MÁIS...

- Guía para a prevención de accidentes escolares
- Guía da Asociación Española de Pediatría para pais, para a prevención de lesións non intencionadas na poboación infantil
- Guía da Cruz Vermella para a prevención de accidentes
- PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE LESIÓNS: Detección de accidentes domésticos e de lecer 2011
- Rede de Alertas